

INTERVENCIÓN

LVP/slb

Refª: ispac4001986419884345147.doc

Asunto: Decreto alcalde transferencia de crédito 53-2025 SOGAMA

DECRETO

EXCMO. SR. DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, ALCALDE PRESIDENTE DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO

ASUNTO: APROBACIÓN DE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA MEDIANTE A MODALIDADE DE TRANSFERENCIA DE CRÉDITO DESTINADA A DAR COBERTURA AS OBRIGAS ECONÓMICAS DERIVADAS DOS CONTRATOS ASINADOS COAS MERCANTÍS: " REPASEGUR GALICIA, SL" E "SOCIEDADE GALEGA DO MEDIO AMBIENTE, SA".

Visto o expediente tramitado para modificar créditos mediante a modalidade de transferencia de crédito núm. 53-2025, por un importe total de 270.000,00 €, dentro do vixente orzamento municipal, para dar cobertura a obrigas económicas derivadas de:

- Contrato asinado coa mercantil REPASEGUR GALICIA, S.L. (B27456706) correspondente ao servizo de mantemento de edificios municipais
- Facturación de SOCIEDADE GALEGA DO MEDIO AMBIENTE, S.A. (A15379803) correspondente ao servizo de tratamento de residuos urbanos. Cómpre ter en conta neste caso que as previsións recollidas no orzamento son estimacións derivadas da facturación do exercicio anterior, pero que poden variar en función da xeración de residuos como é o caso.

Visto informe da Intervención municipal Ref.: 2025/2121, do 30.12.2025.

En virtude do disposto nos artigos 179 a 181 do Real decreto lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo cal apróbase o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais; artigos 40 a 45 do Real decreto 500/1990 de 20 de abril, Regulamento orzamentario; as Bases de execución do orzamento vixente prorrogado e sobre a base das atribucións conferidas a esta Alcaldía, en virtude do disposto no artigo 124.4 g) e ñ), da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demais normativa, **RESOLVO:**

PRIMEIRO. Aprobar o actual expediente de modificación de créditos a través da modalidade de transferencia de crédito nº 52-2025 por un importe global de 270.000,00 € para dar cobertura ás obrigas sinaladas na parte expositiva do presente decreto:

APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS QUE CEDEN CRÉDITO	IMPORTE €	APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS QUE INCREMENTAN CRÉDITO	IMPORTE €
16500.22100	270.000,00	15300.22799 16210.22799	32.000,00 233.000,00
TOTAL CRÉDITO CEDIDO	270.000,00 €	TOTAL INCREMENTO DE CRÉDITO	270.000,00 €

SEGUNDO. Sendo o expediente que se aproba firme e executivo sen máis trámites, polo que se deberán introducir na Contabilidade da Corporación os axustes derivados do mesmo.

Cúmprase.

Firmado por: ***393*** - MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ (FECHA: 2025-12-30 12:54:31.00)

CVD: ZL7GKU0n7qXóijjsKxef

Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Nº de decreto/resolución: 12271/2025